




**CEIP
SAN FRANCISCO
JAVIER**

EMPEZA O COLE!!

ORIENTACIÓN PARA AS FAMILIAS





Neste momento no que as vosas fillas e fillos comezan a súa

escolarización é importante que teñamos presentes algunhas

RECOMENDACIÓNS:

- Chegar á escola con tempo e tranquilidade.
- Recoller á nena ou neno con puntualidade para evitar que se angustie.
- Permanecer tranquilos tratando de non transmitirle angustias, medos, inseguridades etc.
- Manter a serenidade ante as posibles reaccións de angustia da nena ou neno axudándoos a tranquilizarse.
- Despedirse de forma afectiva pero breve, evitando mentirlle..
- Manter unha actitude positiva cara á escola.
- Comunicarse coa mestra e transmitirle calquera inquedanza ou información que se considere necesaria.
- Colaborar, na medida do posible, coas propostas que se fagan desde a escola.
- Fomentar a autonomía da nena ou neno, especialmente no que se refire a hábitos de hixiene e alimentación: ir ó baño só/soa, lavar as mans, soar o nariz, quitar e poñer a chaqueta, abrir e pechar a mochila, subir e baixar escaleiras, comer e beber só etc.
- Estimular a súa linguaxe para que sexa quen de comunicarse cos demais e expresar os seus desexos e necesidades.
- Favorecer as relacións con outras nenas e nenos para que se acostume a xogar cos demais e a compartir.
- Consultar a páxina web do colexio onde atoparemos información útil.
- Descargar a aplicación AbalarMóbil.
- Ter sempre actualizados os teléfonos de contacto.



PROCESO DE INCORPORACIÓN

AULA 3 ANOS B

As nenas e nenos desta aula acudirán ao centro de xeito progresivo e distribuídos en grupos para favorecer o seu proceso de adaptación. Os agrupamentos e horarios son os que se indican a continuación, indicando a letra e apelido de cada nena ou neno.

- GRUPO 1:** Apelidos desde C ata F
- GRUPO 2:** Apelidos desde G ata M
- GRUPO 3:** Apelidos desde P ata R
- GRUPO 4:** Apelidos desde S ata V

LUNS 11 E MARTES 12 DE SETEMBRO:

- GRUPO 1: De 9:00 a 9:30 horas
- GRUPO 2: De 10:00 a 10:30 horas
- GRUPO 3: De 11:00 a 11:30 horas
- GRUPO 4: De 12:00 a 12:30 horas

MÉRCORES 13 DE SETEMBRO:

- GRUPO 1 e 2: De 9:30 a 10:30 horas
- GRUPO 3 e 4: De 12:30 a 13:30 horas

XOVES 14 DE SETEMBRO:

- GRUPOS 1 e 2: De 9:00 a 11:00 horas
- GRUPO 3 e 4: De 11:30 a 13:30 horas

VENRES 15 DE SETEMBRO

- Todos os grupos de 10:00 a 13:00 horas

A decorative border of colorful pencils (green, yellow, red, blue) surrounds the text. The pencils are arranged in a circular pattern, with some pointing towards the center and others pointing outwards.

ALGUNHAS NORMAS SOBRE A ORGANIZACIÓN DA AULA E DO CENTRO

- Poñerlles roupa cómoda: pantalóns con cintura elástica, zapatos con velcro...
- Mandilón e roupa de abrigo identificados co nome da nena ou neno e cunha cinta para colgar no percheiro.
- Evitar traer ás nenas e nenos á escola cando se atopen enfermas/os.
- Enviarlles para a merenda alimentos que poidan comer sós e non excederse na cantidade.
- O mandilón levarase e traerase posto cada día.
- Asinar unha autorización cando non sexan os pais os que recollan ao neno ou nena.
- A recollida ou entrega de nenos e nenas fóra do horario habitual debe facerse por conserxería cubrindo o impreso correspondente.
- Non se administran medicamentos, pero pode vir un familiar ao centro cando sexa imprescindible.
- Non se repartirán invitacións de aniversario.
- En caso de necesidade, chamaremos' ás familia para que veñan cambiar ao neno ou nena que o precise.
- Os luns de 16:00 a 17:00 horas están adicados ás titorías coas familias, sendo necesario pedir cita para realizar a mesma.

BENVIDAS E BENVIDOS!!!

MOITAS GRAZAS POLA VOSA COLABORACIÓN!!